

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2014, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fixa o plan de auditorías das contas anuais de 2013 das federacións deportivas galegas.

O artigo 2.3 da Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte do 23 de maio de 2011 (DOG número 106, do 3 de xuño), pola que se regulan determinados aspectos da contabilidade das asociacións deportivas galegas, ao falar das federacións deportivas establece:

«Aprobadas as contas, estas presentaranse, xunto á memoria descritiva das actividades realizadas durante o exercicio económico, no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia para a súa inscrición. Esta presentación efectuarase no mes seguinte ao da súa aprobación e, en todo caso, antes do 30 de xullo de cada ano.

Así mesmo, deberán presentar ao Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia un informe da auditoría das súa contas anuais aquelas federacións deportivas galegas que resulten obrigadas conforme o plan de auditorías aprobado pola Administración deportiva autonómica a comezos de cada exercicio. Anualmente incorporaranse ao plan unha porcentaxe de federacións, de forma que, cada catro anos, todas teñan presentado o devandito informe».

A nova Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, recolleu no seu artigo 43, ao respecto do réxime contable das entidades deportivas, o seguinte:

«Regulamentariamente establecerase respecto das federacións deportivas un procedemento para o depósito anual das contas ou dun resumo destas, no Rexistro de Entidades Deportivas ou noutros rexistros públicos que puideren resultar competentes».

Por tanto, en uso das facultades que teño atribuídas pola lexislación vixente de aplicación,

DISPOÑO:

Primeiro. Aprobar o plan de auditorías das contas anuais 2013 das federacións deportivas galegas. Deberán presentar informe de auditoría das citadas contas ante o Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, antes do 30 de setembro deste ano as seguintes fe-



deracións deportivas galegas: aeronáutica, automobilismo, baloncesto, billar, boxeo, caza, chave, columbicultura, deportes de persoas con discapacidade física, deportes para discapacitados intelectuais, esquí náutico, montañismo, motociclismo, orientación, pesca e casting, deportes para xordos.

Segundo. Así mesmo, e co obxecto de realizar un seguimento do seu estado contable e económico, deberán presentar tamén neste ano antes do 30 de setembro informe de auditoría das contas anuais de 2013 aquelas federacións que no ano 2013 percibisen máis de 200.000 euros en execución do convenio de colaboración suscrito coa Secretaría Xeral para o Deporte no citado ano, a saber, piragüismo e vela.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2014

Por desconcentración (Decreto 88/2013)
José Ramón Lete Lasa
Secretario xeral para o Deporte

CVE-DOG: wahp6ub4-qqb7-wcw1-5ul8-6bjdmi13jvb1

